

A BENZA

SUMARIO

- <u>O Consello de Redacción no seu orixe</u>	<u>2</u>
- <u>Monográfico: A ENTREVISTA</u>	<u>2</u>
- <u>Entrevista a un Marisqueiro</u>	<u>3</u>
- <u>Análise da entrevista anterior</u>	<u>3</u>
- <u>Entrevista a un Constructor de Bateas</u>	<u>4</u>
- <u>Análise da entrevista anterior</u>	<u>4</u>
- <u>Entrevista a un Zapateiro</u>	<u>5</u>
- <u>Entrevista a un Traballador das obras do porto</u>	<u>6</u>
- <u>Análise da entrevista anterior</u>	<u>6</u>
- <u>Entrevista o presidente do Club de Remo</u>	<u>7</u>
- <u>...coñecido en todo o Cantábrico...</u>	<u>7</u>
- <u>Entrevista a un Carpinteiro de Ribeira</u>	<u>8</u>
- <u>Análise da entrevista anterior</u>	<u>8</u>
- <u>Entrevista ó entrenador de fútbol</u>	<u>9</u>
- <u>Análise da entrevista anterior</u>	<u>9</u>
- <u>Hemeroteca</u>	<u>10</u>
- <u>Pasatempos</u>	<u>11</u>
- <u>Contraportada</u>	<u>12</u>

REDACCIÓN:

REVISTA DIXITAL ESCOLAR

RENACEMENTO DA REVISTA “A BENZA”

Esta revista dixital nace como consecuencia da posta en marcha do portal crucense

<http://www.cabodecruz.org>

O nome desta revista pretende recuperar a iniciativa do mestre D. Abel do colexio de Valiño, no curso 84/85, cando se editou o primeiro número da revista escolar A BENZA, e por tanto, e coma homenaxe a antiga revista escolar, reeditamos o primeiro número que ía dedicado a “entrevista”, aínda que transformado no novo formato e engadindo algún que outro comentario ou explicación ó escrito no documento orixinal.

ELECCIÓN DO NOME

O nome da revista “A BENZA”, compitiu case ata minutos antes da súa publicación co de “LOUREDA”, pero quizáis, como se comenta no WEB de HISTORIA, ó seu carácter despectivo, fixo que gañase o primeiro. A segunda polémica veu despóis da primeira publicación, posto que

de navegación. Resumindo, e sen entrar en polémica de cal debería de ser o verdadeiro nome da illa, respetarémolo nome orixinal da revista para a súa versión dixital. Por certo, LOUREDA é agora, o nome da A.P.A. do colexio de Valiño.

de navegación. Resumindo, e sen entrar en polémica de cal debería de ser o verdadeiro nome da illa, respetarémolo nome orixinal da revista para a súa versión dixital. Por certo, LOUREDA é agora, o nome da A.P.A. do colexio de Valiño.



A ILLA DE BENENCIA ADOPTOU O NOME DE “ABENSA” CO PASO DO TEMPO.



PORTADA

O Consello de Redacción no seu orixe

Alumnos que o formaban:

- Cristina Mora Fernández
- Rafael García Silva
- Rosa M^a Silva Castro
- Joaquín Martínez Chouza
- M^a Luz Outeiral Sánchez
- Soledad Vázquez del Rey
- José Angel Torrado Ferreirós
- Casimiro Castro Viturro
- Sabrina Otero Romero
- Santiago Places Viturro
- Cristina Somoza García
- Pablo Pérez Places



Portada:

Jesús Romero Meis

A portada foi a gañadora de entre os numerosos participantes nunha especie de competición escolar.

Tódolos alumnos fixeron un dibuxo da illa, e o gañador obtivo coma premio a portada do primeiro número da revista.

A cada cal máis optimista co seu dibuxo, nadie abriu a boca ó ver o gañador. Sen dúbida gañara o mellor. Ademáis todos sabíamos do arte de dibuxar que tiña nas mans Meis, a quen só se lle achegaba algo o seu primo Johnny.

Monográfico: A ENTREVISTA (o texto e copia literal do orixinal)

Entrevista é sinónimo de diálogo, coloquio ou conversa.

Utilizámola pra enterarnos de cousas que acontecen a carón de nós. Nela intervén o entrevistador que fai preguntas sobor dun determinado tema, e o entrevistado/os supostamente enterado/os da materia e que da/dan respostas ás nosas preguntas.

Unha entrevista poderíamola facer seguindo estes pasos:

1º Presentación do entrevistado e do tema que imos tratar, facendo unha pequena introducción.

2º As preguntas do entrevistador e as respostas do entrevistado



Por D. Abel (Mestre de Galego)

súcédense escritas en forma de diálogo, dunha maneira lixeira e amena.

3º O entrevistador intercala pequenas frases aclaratorias e fai as observacións que considera necesarias pró mellor entendemento do tema a tratar. Estas obsevacións repítense ó longo da entrevista.

4º O peche da entrevista que remata o entrevistador dunha maneira breve.

As entrevistas que ides ler agora foron escollidas de entre outras moitas polo Consello de Redacción, seleccionando as que mais se acercaban ó modelo proposto.

Tamén pesou á hora de seleccionar, o interés do tema a tratar e a súa actualidade nalgúns casos.

“Tanto neste primeiro texto coma nas entrevistas que ides a ver, podemos observar o uso dun galego diferente o que hoxe usamos, xa que eran os primeiros anos tras a súa normalización e normativación lingüística, e a nosa lingua foi evolucionando. Mantemos o texto tal e como se presentaba na súa primeira edición, polo tanto, aparecerán palabras, expresións e formas gramaticais que hoxe en día pódense considerar coma erros, descoñecemento da lingua ou mesmo faltas de ortografía”.

“No seu día, un dos motivos polo que foron escollidas, era o de seren actuais. Hoxe son testimonios da recente historia do muelle, dos clubs de remo e fútbol, da evolución dos barcos e bateas, ou mesmo dun dos Places, estirpe que ideou a primeira “Gamela de Cabo de Cruz”.

Por outra parte, as “Análisis das entrevistas” só pretenden adarar, comentar, ou mesmo recordar anécdotas da infancia dos que agora somos pais.

PORTADA

Entrevista a un marisqueiro (o texto e copia literal do orixinal)

En Cabo de Crus hai moitos marisqueiros. A meirande parte deles adícase a coller ameixas ou berberechos das praias. Para realizar este traballo válense de legoñas, sachos, horquillas,...

Imos entrevistar hoxe a un horquilleiro.

- ¿Qué recolles con este aparello?
- Ó que mais me adico é a coller ameixas.

- Explícame o que che fai falla pra facer esta tarefa.

- Como ves, levo un traxe de augas de goma, enteiro dos pés ó peito, un flotador de goma colgado a cintura cunha rede na que vou metendo as ameixas recollidas. E por último a horquilla, con dous mangos separados feitos de madeira de eucalito. A horquilla ten de 30 a 40 dentes.

Estamos a facer-la entrevista na praia de Carragueiros e o noso entrevistado atopábase en plena faena cando chegamos.

- ¿Cómo se lle da hoxe o chollo?
- Non é moi bó día porque agora hai mareas mortas. Cando mellor se pode aproveitar é nas grandes secas porque chégase a lugares menos castigados polos marisqueiros.

- ¿Qué cantidade colle nun día normal?
- Collemos 2kg, 3, 1, ... Depende.

- ¿E cuántos horquilleiros andades nesta praia?
- Entre homes e mulleres debemos ser uns vinte.

O precio das ameixas varía segundo sexa o seu tamaño, por iso lle preguntamos

- ¿A cómo vos pagan o kilo?
- Pois depende de moitas cousas da

época do ano, da obondancia... Polo xeral, a grande págannola a 850 a mediana a 450 ou 500 e a pequena a 250, aínda que moitas veces tirámola.

- Por certo, ¿vos que pensades sobor da colleita de marisco pequeno, da cría?

- A min non me parece ben. Cando veñen ameixas moi pequenas na horquilla tirámolas, pero ó mellor veñen outros detrás e arrepañan con todo, ou veñen os que non son de eiquí e lévanas pros viveiros.

- ¿Qué preferidís vir, polo día ou pola noite?

- Eu veño de día e de noite, aínda que de noite síntome mais seguro porque é mais fácil escapar da lancha, e tamén ven menos veces.

Cando está a falar da "lancha" estase a referir ó servicio de vixilancia de Comandancia de Marina.

- ¿Cántos tripulantes ten a lancha?
- Veñen sempre seis militares.

- ¿E logo por qué non vos deixan mariscar?

- E que están en veda.
- ¿E como é que estando en veda andades a collelas?

- Porquetemos que comer.
- ¿E corre moito a lancha da comandancia?

- Si, pero como non pode chegar a terra ten que botar unha balsa de goma. Nos chamámoslle a "zapatilla". Cando vemos que chega a lancha botamos a correr e na mentras cambean a embarcación, lispámonos, e se nos collen sácanos a horquilla, as ameixas e métennos unha multa de catorce ou quince mil pesetas.

- ¿E que tal se corre co traxe de augas e a horquilla?

- Na auga córrese moi pouco e fora dela o traxe e a horquilla pesan moito e "non das abasto".

- ¿E cando acábe-lo xomal de hoxe, que fas coa ameixa?

- A mais grande vendémola pró consumo e a outraprós viveiros.

- ¿Qué outros mariscos se poden coller nesta praia?

- Cóllense tamén caramuxos negros, berberechos e carneiros.


Deixamos xa a este home para que siga coa súa tarefa.

- ¿Gustouche a entrevista?

- Si, claro que si. Cando queirades volver, vinde xunta min. Hasta logo.

- Hasta logo.

M^a Xosé Vázquez Ozores. 7^ºB



Horquilla

"se nos collen sácanos a horquilla, as ameixas e métennos unha multa de catorce ou quince mil pesetas"

Análise da entrevista anterior

Como podeades comprobar, por aquel entonces, carragueiros non estaba custodiada pola Cofradía "Virgen del Carmen" se nón que era competencia da Comandancia Militar de Marina. Por entonces, era normal ver un marisqueo un tanto anárquico, consentido polos veciños; nadie che diría nada por mariscar en veda, agás a comandancia. E cando estes enseñaban a súa

proa, non atopaban complicidade algunha na población. Aínda podo recordar, cando a Enrique o das mangas, se lle deu por vestir o traxe de bonito de cando fixera o servicio militar na marina, e se botou a correr pola Retorta. Blanco inmaculado, camisa tropical e lepanto baixo o brazo. ¡A Comandancia! ¡A Comandancia!, arriaron horquillas e ameixas ó

fondo e cada un corría canto podía, hasta que reíndo, parou xunto a nós. ¡Mirade como corren! ¡ja ja ja ...!



Carragueiros

PORTADA

Entrevista a un constructor de bateas (o texto e copia literal do orixinal)

As bateas son o medio de vida da meirande parte das familias de Cabo de Cruz. A persoa que está a falar conmigo é un “fabricante” de bateas. É moi conocido por estas terras debido ó seu traballo, e preguntámoslle:

-¿Onde fai as bateas?

-Nun asteleiro.

-¿A quen lle encarga a madeira?

-A madeira encárgolla a ós carpinteiros e máis ós fragueiros. Estes últimos son uns tratantes que andan a comprar madeira polos montes.

-¿E como chega aquí a madeira?

-Pois no monte, os tratores arrástrana hasta un cargadeiro. Desde alí ven en camións ou “trailers”. O chegaren eiquí descárgana co seu volquete ou senón, un trator vai tirando polas vigas.

-¿Qué madeira é mellor pra esta construción?

-Iso depende. Pros flotadores é mellor utiliza-la de carballo, aínda que tamén pode vale-la de eucalito ou a de pino. Pro resto da batea úsase a de eucalito.

-¿Qué ferramentas usa?

-Pois as ferramentas do carpinteiro e algunhas máis. Úsase moito o serrón, a machada, o martelo, as trenchas, unha prensa – tamén chamámoslle “sargento”, barrenas de mar eléctricas

ou de gasolina e unha motoserra.

-¿Cantos homes fan falla pra facer unha batea?

-Mira, teño que sabe-lo tempo que me das pra facela e mailo grande que a queres. De todos xeitos podémoslle votar catro ou seis homes.

-Ademáis das ferramentas que outros materiais usas?

-Pois tornillos, puntas, alquitrán, estopas, brea, piche e tamén cemento e area pros caixóns dos flotadores. Se os flotadores van de ferro, témolos que cubrir con fibra sintética de poliester.

-¿Calquera que se poña pode facer unha batea?

-Se sabe algo de construción, carpintería, de matemáticas e xeometría, pode facela. De todos xeitos primeiro terá que aprender a manexa-la ferramenta. E despois de todo iso hai que ter unha autorización.

-¿De que medidas fai as bateas?

-Facémolas de hasta 500 m2 de superficie útil. Enténdese por superficie útil, a superficie da batea descontando as medidas dos flotadores. Unha batea de 20x20, de catro flotadores, da unha superficie de 400 m2. Restándolle a superficie dos catro flotadores (cada un son 6m2) sabes cal é a superficie útil de produción de batea.


-¿E canto costa hoxe facer unha batea?

-Unha de 20x20 e catro flotadores pasa do 1.700.000 pts.

-Por último, díganos cal é o proceso que se leva pra facer unha batea.

-Primeiro fago o “costillaje” dos flotadores. Despois forrámoslos con taboas e recubrimos todo con piche ou alquitrán. Deixámolos secar e cubrímoslo de “enrejado”, pro rematar dándolle unha masa de cemento e area. A continuación colocámoslle derriba as vigas principais, despois as do través e mailo pontonaje. Rematando isto xa está lista a batea.

Guadalupe Blanco 7ªA



Desde a Curota pódense apreciar os polígonos da Ría da Arrousa


“As bateas son o medio de vida da meirande parte das familias de Cabo de Cruz.”

Análise da entrevista anterior

Entrando no contido da entrevista, vemos como evolucionou a construción das bateas posto que hoxe é impensable facer unha batea nova con flotadores de madeira e cemento. Ademáis está moi regulado o tamaño e os metros de corda que se poden ter. Antes a nadie lle chamaba a atención o feito de ollar nunha

batea 700 ou 800 cordas, cando hoxe non poden pasar de 500 cordas de 12 metros.

En canto ós caixóns, aínda quedan algúns nas praias facendo de pañoles. Non dubidamos do bo uso que seguro que lle dan os donos de seu, pero deberían ir pensando en sacalos das belas praias galegas.



Antes das bateas de caixóns empezouse con embarcacións de madeira fondeadas.

PORTADA

Entrevista a un zapateiro (o texto e copia literal do orixinal)

Ser zapateiro é algo moi bonito. Imos falar con Julio das suas cousas e das que máis nos interesan.

- Cando eras pequecho, ¿xa che gustaba ser zapateiro?

- Si, gustábame moito. Pasabo o día cun par de zapatos vellos e intentaba arreglarlos como mellor podía.

- Se non foras zapateiro, ¿Qué outro oficio che gustaría?

- A mín, carpinteiro.

- ¿E por qué carpinteiro?

- Porque toca madeira. ¿Gustouche o chiste?.

- ¿Tes máis xente na familia co teu oficio?

- Teño, si. Dous irmáns e un sobriño.

- ¿A que anos empezache ti?

- Máis ou menos ós catorce.

- ¿Canto tempo lle levaría a un principiante amaña-los zapatos coma ti?

- A miña opinión é que neste oficio, coma nos outros, nunca sabes todo. Cada día aprendes máis cousas. Sabe-lo necesario leva pouco tempo. Depende da ilusión que poñas.

- ¿E ti levas moitos anos nisto?

- Pois déixame que o pense. Debe andar ó rente dos trinta.

- Dime como se chaman estas ferramentas que tes por eiquí.

- Mira, este é o martelo, que se diferencia dos de carpinteiro pola súa cabeza patela e redonda. Estas son as cuchillas, a lesna, o fio, as pinzas, o motor, a máquina de cose-lo coiro...

- ¿Cando se vende máis calzado,

no vran ou no inverno?

- Como pra cada estación usas calzado distinto, pois vense vendendo máis ou menos igual.

- ¿En que épocas vendes máis?

- Nos comenzos das estacións é cando máis xente ven.

- Neses días cantos pares de zapatos vendes?

- Sobor duns cinco pares ó día.

- ¿Cómo ganas máis, arreglando ou vendendo?

- Eu gano máis arreglando.

- E nas reparacións, ¿cales son as máis caras?

- Bota-las suelas é o máis caro porque éstas xon moi caras xa de por si.

- ¿Qué reparacións son as que máis a miudo se fan?

- Pois poñer tapas ós zapatos.

APRENDE A NAVEGAR A VELA

<http://www.cabodecruz.org/gamela.htm>

GAMELA



ESTE VERÁN

GAMELA—CABO DA CRUZ

ESPERANZA-LIBERDADE

**SAIDAS PARA APRENDER
VELA TRADICIONAL**



cabodecruz.org

981 84 70 01

E-mail: Gamela@cabodecruz.org

PORTADA

Entrevista a un traballador das obras do porto

(o texto e copia literal do orixinal)

Unha das cousas máis importantes pró mariñeiro é que, ó acaba-la xornada, teña donde gardar ó abrigo a sua embarcación pra evitar que o mal tempo lle acabe con ela.

O muelle que hai en Cabo de Cruz non é suficiente pra acoller toda a flota e por iso estase a facer unha obra que amplía o que hai.

A empresa constructora é FOMENTO, e os camións que transportan a pedra son de MANOEL CARBALLO, S.A.

Pra saber como van as obras falamos co encargado da báscula por onde pasan tódolos camións antes de descargaren.

- ¿Cantas toneladas de pedra botan diariamente ó mar?

- Sobor de 1500 Tm ó día.

- ¿Qué pedra é a mellor?

- O granito puro.

- ¿O mal tempo perxudica moito a sua laboura?

- As pedras meirandes botámolas pola parte de fóra, contra o mar. Así evitamos que as máis pequenas acaben sendo arrastradas.

- ¿Cal é o presuposto desta obra?

- O contrato está firmado en 135 millóns de pesetas.

- ¿E xa saben que cantidade de pedra será necesaria pra ramata-la obra?

- Calcúlase que sobor dunhas 400.000 Tm.

- ¿Cantos homes traballan diariamente?

- Están a traballar 18 homes.

- ¿Saben xa cantos barcos poderán estar ó abrigo cando esté acabado o muelle?

- Dende logo ten capacidade pra poñer ó abrigo tódalas embarcacións de Cabo de Cruz e algunhas máis, xa que terá unha lonxitude total de 300 m., dos que 60 serán de atraque.

- ¿Pensan acabala obra axiña?

- Calculámoslle uns trinta meses de traballo.

- Díganos algo máis sobor das características desta obra.

- O dique leva no seu tramo final uns 6 metros de ancho e un respaldo cara o mar de 1 m. e 75 cm. de alto. Leva tamén unha rampa de 60x30.

- ¿Quen paga a pedra que se utiliza nesta obra?

- A pedra sácase de duas canteiras e como contapartidas pola explotación raranse algunhas obras. Pola explotación de “Fonte Mouro” farase unha rampa-varadeiro de 30x15 pra subi-los barcos cando teñan que ser reparados ou pintados. Pola do monte do Chazo construírase unha balaustrada rústica de 25m. e un paseo marítimo ó longo da canteira hastra a esplanada do Chazo.

Efrén Casal e Crisanto Vidal

7º A



“O contrato está firmado en 135 millóns de pesetas”

Análese da entrevista anterior

Xa é casualidade de que neste momento (20 anos despóis), volve a haber traballos no noso porto. ¿Quén lle diría o empregado da báscula vella que o gran muelle que estaban a facer, iba a quedar pequeno no ano 2000.

Non só será ampliada a zona de atraque por segunda vez, se non que ademáis está proxectado o alargamento do dique de abrigo cara o Oeste, así como, que saia un novo dique do Corviño, para protexer a ensenada, dos ventos do Norte.

Tamén, unha vez rematadas as obras, instalaranse pantaláns para embarcacións da 3ª lista no muelle vello, é pantaláns para embarcacións de recreo da 7ª lista a carón do dique do Corviño, facéndose así realidade, a construción do porto deportivo.

Imaxino que logo se construírá un edificio para o club náutico, un paseo marítimo desde Subuqueiro ata Curbera, é respetarase a praia de Palén....

¿Será esto verdade? De momento parece unha utopía, aínda que ver as grúas, palas e camións traballando, fan pensar que será unha realidade.

Inicialmente, todo sinalaba a que a situación do porto deportivo sería a ensenada da Ribeira Grande, e máis, vendo que debaixo da casa da “caína” houbo no seu día un muelle. Todo daba a entender que facer un dique que salira de ahí, pecharía con Piñeirón e resgardaría ós pantaláns. Por outra parte a necesidade imperiosa de saneamento que demanda a Ribeira Grande, supoñía pensar que se

matarían os dous páxaros dun tiro. Ó final a necesidade de resgardar do Norte á flota mexilloeira pesou máis e farase debaixo da de Palén. Ademáis a entrada por mar haci a Bandalrio desde a boca da Ría está obstruída polas bateas e polo tanto suporía o ter que facer un canal de boias.

Sexa donde sexa, o asunto e poder dispor do ansiado Porto Deportivo.



PORTADA

Entrevista ó Presidente do Club de Remo (o texto e copia literal do orixinal)

O club de remo de Cabo de Cruz está situado no Suroeste do pobo, nunha punta que sae ó mar, onde antes había unha canteira.

O club enséña a remar a tódolos que queiran facelo, dende os doce anos ós trinta.

Estamos a falar co presidente e preguntámoslle:

- ¿Cando se fundou o club?
- No ano 1979. Levamos pouco tempo traballando.
- ¿Cómo xurdeu a idea de facer un club de remo aquí?
- Na realidade, a tradición remeira de Cabo de Cruz ven de sempre. Antiguamente regatábamos con racús e con buquetas. A idea xurdeu de todos. Era a nosa aspiración.
- ¿Qué número de socios ten o club?
- Hoxe somos 462.
- ¿E cantas fichas ten en cada categoría?
- En infantil, 12; en cadetes, 14; en juveniles, 9 e en Seniors, 42.
- ¿Qué embarcacións son na

actualidade propiedade do Club?

- Duas traineras, tres bateles e unha trainerilla.
- ¿Cal é o valor de cada unha?
- O batel, 330.000 ptas. e cada remo, 7.500.
- A trainerilla, 500.000 e cada remo, 8.500.
- A trainera, 900.000 e cada remo, 9.000 ptas.
- A pica 14.000 e o palote, 6.000.
- ¿E o peso de cada unha?
- O batel pesa 60 kg. A trainerilla, 150 kg e a trainera, 210 kg.
- ¿Cómo se mantén economicamente o club?
- Coa aportación dos socios e tamén coa axuda de outras entidades. O ano pasado a Xunta regalounos unha trainera, o problema é que saíunos moi pesada.
- ¿Cal foi a mellor embarcación que tuvo o Club?
- A trainerilla.
- ¿E onde encargades as embarcacións que vos fan falla?
- A Fontán (Pasajes) e a Milivia

(Orio).

- ¿É certo que se vai facer unha nova trainera para o ano que ven?
- Si, en Maio terémola lista.
- ¿Quen a fai?
- Esta faín a Ikazeta, en Orio. Os millores constructores están no País Vasco.
- É o noso desexo que o CLUB DE REMO de Cabo de Cruz siga mellorando e ganando cad vez máis regatas.

Antonio Benito Fernández
Sindo Lojo
Serafín Muñiz
José Antonio Fernández
7º A



Cabo de Cruz e coñecido en todo o Cantábrico gracias ó Remo...

¿Sabías que Cabo de Cruz, é este prestixio fanno os anos, a persistencia do deporte, o traballo de tódolos que por alí pasaron, acadando numerosos triunfos e logros. E non olvidemos que o remo de Cabo é anterior a competición das trañas e senón preguntádelle a vosos pais e avós.


Non existe deporte máis duro, pero ó mesmo tempo máis gratificante.

É unha experiencia que deberían aproveitar os nenos e nenas de Cabo porque hai tempo para todo. As tempadas de remo e fútbol non solen coincidir, aínda que a cada persoa tirarlle máis un que outro.

O Club foise abrindo desde fai bastantes anos ós pobos veciños, así, deixou de ser exclusivo de Cabo e a través das escolas deportivas fóronse achegando nenos de todo o concello.

Ahora mesmo hai unha boa canteira como se pode ver nos resultados das competicións de bateles, pero o club

necesita axuda de todos. O equipo de Benigno necesita apoio dos veciños, de patrocinadores e sobre todo das institucións.



PORTADA

Entrevista a un “carpinteiro de ribeira” (o texto e copia literal do orixinal)

Unha das reliquias da carpintería galega é a construción de gamelas á man.

As persoas que fan estas embarcacións chámanse “carpinteiros de ribeira”. Son persoas, polo regular, de idade avanzada, xa que hoxe cáseque ninguén aprende este oficio. Fan as gamelas por encarga.

Facémolle esta entrevista a un vello carpinteiro de Cabo de Cruz

- ¿Qué madeira utiliza pra face-las embarcacións?

- Mira, unha gamela ten varias partes e a madeira non é sempre a mesma. Así pra face-los bordos usamos madeira dun piñeiro verde.

Aclaremos que os bordos son os costados e fanse con táboas delgadas que se poden dobrar.

- A proa é de carballo porque esta madeira é máis dura, aguanta os golpes do mar e máis clavan mellor nela as puntas, agarran mellor.

- Cóntenos logo como se empeza a

face-las gamelas.

- Primeiro faise a proa e máis o plan. Por último os remates.

- ¿Cómo teñen que ser o clavos?

- É importante que estean galvanizados. Así a oxidación é moito máis lenta

- ¿Canto tempo leva face-las gamelas?

- A un home dos de antes uns sete días. A un dos de agora trece ou catorce.

- ¿Por qué lles leva máis tempo ós de agora que ós de antes?

- Os de antes traballábase por necesidade. Os de agora levan unha vida máis tranquila. Oito horas e fora.

- ¿Vostede que embarcacións fai?

- Chalanas e gamelas. As chalanas levan o fondo ó través e as gamelas ó longo da embarcación.

- ¿Con que madeira fai os remos?

- Os remos téñense que face-las cun casqueiro da primeira torada dun piñeiro, pra que non teña nos. Non pode ter nos porque se os tivera, rompería con facilidade.

- ¿As gamelas pódense face-las con máquinas?

- As máquinas úsanse pra traballar a madeira, pero a meirande parte das cousas facémolas á man.

- ¿Tedes moito traballo?

- Sempre se van facendo, pra uns porque se desfán das vellas e pra outros porque aínda non as teñen.

- ¿Calquera pode face-las gamelas?


- Non. Tena que face-las un carpinteiro que teña “nombramiento”, e máis que esté dado de alta na facenda, pra así tela gamela a documentación en regra pra andar polo mar.

- Díganos por último, ¿pódese vivir deste traballo?

- Traballando si. Agora que se nos sentamos, as gamelas non se fan soias.

José Enrique Places

7ª



Análise da entrevista anterior

Oxe en día, faise evidente que se o entrevistador era Quique Places, e dita entrevista faciálla a un “vello carpinteiro de Cabo de Cruz”, é de supoñer que se trataba do seu avó.

Así que estamos ante unha entrevista para a historia de Cabo, posto que se trata dun artesán experto na construción da “embarcación tradicional de Cabo de Cruz, a GAMELA”.

Ná segunda edición da revista A BENZA, Quique volve a aparecer por medio dun dibuxo a man alzada dunha gamela común, que eran as que se facían hai 20 anos. Nela amósanse as partes máis importantes.

Da entrevista de arriba, podemos sacar algo en limpo, posto que se vós fixades, o artesán difire entre “gamela” e “chalana”, dicindo que a principal diferenza é que *as chalanas levan o fondo ó través e as gamelas ó longo da embarcación*. Como as gamelas se deixaban de face-las debido a aparición

dos motores fórborda, as chalanas fóronse chamando chalanas ou gamelas indiférentemente, por iso no párrafo anterior, chameille “gamela común” para deixar claro que o plano que aparecerá no seguinte número será dunha chalana.

Este tipo de gamela é unha contribución exclusiva da zona de Cabo de Cruz á rica etnoloxía marítima da ría da Arousa. Sen profundizar moito, o fondo, aínda que plano, non é o clásico da gamela con táboas de babor a estribor, senón que a súa colocación é de proa a popa; tamén pola inclinación da súa popa exagonal e outros aspectos constructivos diríase que naceu para cubrir o oco entre gamela común e a dorna. Trátase en todo caso, dunha embarcación moi singular, dedúcese tamén das súas características técnicas un alto nivel de prestacións tanto a remos como a vela.

A vela que se utiliza nesta embarcación é a nomeada mística. A

arboladura é sinxela, leva un obenque a barlovento que serve ó mesmo tempo de driza, leva un motón e no tope do pau incrustase unha peza chamada “noz” para que poida correr ben a driza.



PORTADA

Entrevista ó entrenador do club de fútbol (o texto e copia literal do orixinal)

- ¿Dende cando estás no noso club?

- Como xogador votei 11 anos, dende a tempada 71. E dende o nao 82 estou de entrenador.

- ¿Xogáche antes noutros equipos?

- Non, nunca xoguei noutro equipo, aínda que oportunidades non faltaron.

- ¿Gústache esto de ser entrenador?

- Por suposto, e máis me gustaría si os rapaces obedeceran totalmente as miñas ordes e tiveran maior calidade.

- ¿A que anos se pode ingresar no equipo?

- Hai distintas categorías por edades. No equipo de alevíns ós 11 anos. No infantil ós 12, nos xuvenis os 15 e nos modestos ou seniors, a partir dos 17.

- ¿E pra ser directivo, que é necesario?

- É necesario acata-los estatutos do Club e solicita-la documentación necesaria.

- ¿Ti crees que hai xogadores de abondo?

- Naturalmente que non. Da cantidade ven a calidade, así que nunca son moitos.

- ¿Qué cualidades debe ter un bo xogador, según o teu criterio?

- Intelixencia, velocidade, reflexos e obedecer ó entrenador.

- Tés moitas estratexias que enseñar-lles ós rapaces a hora de xogar un partido?

- Si, pero nestas categorías cáseque sempre se xoga cun mesmo sistema.

- ¿Ganas moito de entrenador?

- Neste clubs pequenos móveste máis pola afición ca polos cartos. Isto non me da pra vivir, pra iso teño o meu oficio –carpinteiro-.

- ¿Pensas que teñen futuro os equipos de Cabo de Cruz?

- Iso depende dos xogadores e da afición. Eu son optimista

- ¿Pensas retirarte logo?

- Non. Como mínimo votarei tres anos máis entrenando.

- ¿Soñabas de pequecho con ser futbolista?

- Si, era unha das miñas ilusións. O que nunca pensei foi en ser entrenador.

Despois destas preguntas fixémoslle outra tanda relacionada coa parte financeira e co campo.

- ¿Canto mide o campo?

- 94 de longo e 58 de ancho.

- ¿Cantos anos ten?

- Escomenzouse a xogar nel na tempada 71-72

- ¿De quen recibides o apoio financeiro?

- Fundamentalmente dos socios. Tamén o axuntamento nos concede unha subención, así como a Diputación.

- ¿Cantos socios ten o club?

- Anda entre os 130 ou os 150.

- ¿Por qué quixeches este cargo?

- Porque estou convencido de que teño experiencia e aprendín ben o oficio.

**Francisco Vázquez
José Angel Torrado
Ricardo Pérez
Carlos Alberto Tubío
7ºB**



Os entrevistadores e entrevistados

Os entrevistadores non podían ser outros que os xogadores, por aquel entonces, dos infantís.

Seguro que vós sonan ós seus nomes, a lo menos o do actual presidente da asociación de veciños “A Unión”, Angel Torrado, que hasta hai pouco seguía xogando no Cabo.

Da mesma maneira que os entrevistadores do presidente do club de remo, tamén vós soarán. Por aquelas datas tanto Sindo coma Antonio Benito eran bastante populares posto que eran os patróns dos bateles. Sindo tamén xogaríaa ó fútbol na época xubenil-senior. E xa que estamos, poderíamos nombrar algún xogador máis do equipo que gañara a copa do Sar e quedara

segundo na liga, coma Manolo o Rato, Luís o Tintero, Ramos, Felipe ou Nardo o Palmeirán... tanto Luís coma Nardo acabarían xogando en 3ª división no Boiro. Penso que é inxusto nombrar a uns e outros non, pero sería imposible meter semellante lista neste artículo.

O entrevistado do fútbol é “O Chaso” e o do remo, penso que Arturo (aínda que podería ser Carmelo).

Penso que foi un acerto moi grande o de propoñer a realización de entrevistas populares, pero seguro que cando se fixo este traballo nadie podía imaxinar que iban a ser rexistros ou testemuñas da nosa historia o pasar o tempo. De seguro que moitos de nós teñen gardados os exemplares da

primeira edición, escrita a máquina, e a base de fôto copias.

A hora de començar ca iniciativa de rexurdir a revista, fóronnos facilitadas copias dos exemplares orixinais, ben custodiados no colexio por Xocas.

Esperamos que os profesores que agora están no colexio, vexan ben esta iniciativa e animen ós seus alumnos a escribir, debuxar ou mesmo a contar contos nos vindeiros números da revista dixital.



PORTADA

HEMEROTECA: RESUMINDO, HAI UNS 20 ANOS EN CABO DE CRUZ....

- *Nace a revista escolar “A BENZA”;*
- *As obras do dique de abrigo –Muelle Novo– están vento en popa e polo tanto o “ir e vir” de camiións desde as canteiras do Chazo e da de Fonte de Mouro son un suplicio;*
- *O presidente do Club de Remo era ARTURO, aínda que xa lle ía coller o relevo Carmelo;*
- *O entrenador da S.D. CABO DE CRUZ era o “CHASO”;*
- *A maioría das bateas facíanse con caixóns de madeira e cemento;*
- *Tódolos barcos eran de madeira;*
- *Non se destapara o Castro do Achadizo;*

DENDE AQUELA, EN CABO DESAPARECEU:

- *A tenda-panadería da Sra. Dolores;*
- *A zapatería de Manolo;*
- *A zapatería de José;*
- *O estanco-taberna de Paco e Margarita;*
- *A taberna de Dámaso;*
- *A tienda de Angelito e a taberna de Alejandro en Valiño;*
- *A depuradora que había o carón do club de remo;*
- *O cine de Manoluco e mailo transformador da porta;*
- *A casa de Lorenzo, onde oxe hai unha fonte;*

- *A fábrica de punto e o comercio de Lourdes;*
- *A tenda de MariCarmen Cortés;*
- *A cristalería do Corviño;*
- *Os aluminios de Bandeorío;*
- *A tenda de Ramona de Gabino*
- *A sucursal do Santander;*
- *A tenda-taberna de Celia—O Texano;*
- *A mobelería e o bazar de Socorríto;*
- *A tenda de peixe conxelado do Sr Manolo Pais “o zapateiro”;*
- *O bar Pesqueira;*
- *A librería Ana Delia;*
- *O Que Faltaba;*
- *A escola da Sra. Elena;*
- *A taberna de Fina;*
- *Os columpios da capilla do Carme;*
- *O Conlinteriro;*
- *O León;*
- *A terra de debaixo da ferretería de Casal para xogar ó trompo;*
- *A estornela;*
- *A cofradía amarela;*
- *As conservas Curbera;*
- *A tenda / paquetería da Lula;*
- *A charcutería de Josefa;*
- *A molinera;*
- *.....*

Xogos e Pasatempos

ATOPA AS OITO DIFERENCIAS:



C	E	S	S	A	N	T	A	N	D	E	E	A	R
O	A	D	A	L	A	M	E	T	A	D	I	A	N
R	R	R	N	O	R	I	E	G	U	S	E	R	O
O	I	W	R	A	N	I	A	N	I	T	S	I	S
S	E	Y	D	A	R	A	M	I	L	L	O	E	T
T	D	Q	U	I	G	G	E	I	E	R	A	T	I
I	A	O	Z	P	X	U	A	C	A	S	T	O	E
N	L	A	T	R	O	T	E	R	V	E	R	B	N
E	S	T	A	T	U	Y	L	I	I	M	P	A	I
L	E	T	R	I	N	J	O	U	R	E	A	G	O
A	S	A	B	M	O	L	A	E	L	O	B	E	D
P	I	Ñ	E	I	R	O	N	E	S	A	S	I	A
O	R	I	U	N	D	A	M	A	T	E	U	Q	R
R	C	A	B	I	U	E	C	E	N	A	T	I	W

CALDO DE LETRAS:

ATOPA O NOME DAS SEGUINTE PRAIAS:
CARRAGUEIROS - GABOTEIRA - ESTEIRO - LADEIRA - PALÉN -
PIÑEIRÓN - RETORTA - RIBEIRA GRANDE

Modelo de resposta e participación

Ainda que non é requisito para participar escribir un artigo, gustaríanos que aproveitaras esta ocasión para redactar algún relato, conto ou calquera cousa que se che veña a cabeza. Desta maneira iremos xuntando material para vindeiros números da revista.

Envía por correo a túa resposta xunto ó teu escrito e a túa dirección a asociación de veciños. Tes baixo estas liñas, a dirección. Tamén podes participar a través do web en <http://www.cabodecruz.org/benza.htm> ou por e-mail a benza@cabodecruz.org.

O nome do gañador aparecerá no seguinte número da revista.

O premio está por decidir pero farase público no momento en que teñamos gañador.

xoga



Concurso infantil

En cada número aparecerá unha foto do Cabo da Cruz e unha pregunta sobre a mesma.

¿Por qué nome e popularmente coñecida a fonte que se mostra na foto?

- A.- Fonte de Mouro.
- B.- Fonte do Lorcho.
- C.- Fonte do Concello.

<http://www.cabodecruz.org/benza.htm>

Peirao, 219 Baixo.
15.939—Cabo de Cruz
Boiro—A Coruña

Teléfono: 981 84 70 01
Fax: 981 84 70 01
Correo: benza@cabodecruz.org

PORTADA

<http://www.cabodecruz.org/benza.htm>

Peirao, 219 Baixo.
15.939-Cabo de Cruz
Boiro-A Coruña

Teléfono: 981 84 7001
Fax: 981 84 7001
Correo: benza@cabodecruz.org

¡Estamos no Web!
<http://cabodecruz.org>


cabodecruz.org

A asociación de veciños A UNIÓN de Cabo de Cruz publica entre trece catro boletíns informativos ó ano co nome de "O SOCAIRE". Este boletín pódese baixar desde a páxina da asociación <http://www.cabodecruz.org/socaire.htm>.

Sin pretender que esta revista dixital acabe sendo unha duplicidade de información, tomará identidade propia, e terá un carácter monográfico; cada número versará sobre un tema concreto que pode ser proposto polos alumnos do colexio, posto que a intención da redacción da revista é que os autores dos artigos sexan os nenos e nenas da parroquia. Sen que esto sexa excluínte, posto que como a revista está en internet, non teríamos ningún problema en publicar algún artigo recibido por correo electrónico procedente de calquera recuncho do planeta.



No Seguinte Número.....

"En poucos días teremos nas mans o segundo número, tamén monográfico, cun traballo sobor do mexillón feito polos compañeiros de 8º.

Estaría ben que todos nos animáramos a facer mais cousas, pra poder así ter unha regularidade nas publicacións e amplia-las colabouras con traballos de outros ciclos" (**texto: copia literal do orixinal**).

Seguiremos os números iniciais complementándoos con explicacións, aclaracións e artigos de tema parexo.

Esta etapa da revista ten como reto, conseguir a participación do alumnado, un alumnado moito máis reducido e que hoxe en día remata no sexto curso.

Somos optimistas e creemos que será interesante leer os relatos dos nosos cativos, aínda que non estará vetado ó resto da poboación. E de seguro que os pais disfrutarán ollando os primeiros números posto que van ser testemuñas do que sucedeu vinte anos atrás.



Esta revista e posible gracias ó patrocinio de
[cabodecruz.org](http://www.cabodecruz.org)